



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Concellería de Muller

Praza Ravela, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200 ext. 102 · F 986 512 226  
CIF: P/3606000 B  
muller@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

# II PIOM



**Plan de Igualdade de Oportunidades  
Municipal**

## INDICE

INTRODUCCIÓN .....	2
CONTEXTO XEOGRÁFICO .....	15
ÁREAS DE ACTUACIÓN .....	29
ÁREA I: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL .....	30
ÁREA II: FORMACIÓN E EMPREGO .....	40
ÁREA III: CALIDADE DE VIDA .....	53
ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE.....	63
ÁREA V: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.	78
AVALIACIÓN .....	95
BIBLIOGRAFÍA.....	96
ANEXOS .....	I
MARCO LEGAL .....	II
DATOS ESTADÍSTICOS .....	XII
AVALIACIÓN I PIOM .....	XXV

## INTRODUCCIÓN

O concepto de Igualdade entre mulleres e homes fai referencia a unha igualdade de dereitos, responsabilidades e oportunidades para todas e todos. A igualdade, así entendida, non é unicamente un “asunto de mulleres”; é un asunto vital que concirne a todas as persoas; é unha cuestión de dereitos humanos e unha condición previa para a consecución dun desenvolvemento sostible centrado nas persoas. Polo tanto convértese nun pilar fundamental para a construción dunha sociedade democrática, onde os dereitos e as obrigas son inherentes á condición de cidadanía, onde todas as persoas poidan participar e decidir sen distinción do seu sexo.

Nos últimos anos estase a desenvolver unha importante tarefa de concienciación acerca das desigualdades e das discriminacións por razón de xénero. Téñense promovido cambios importantes en cuestións relativas á vida social, política, cultural e económica de homes e mulleres, das relacións entre sexos e co resto do contorno. Hoxe en día, tanto as institucións como a opinión pública son cada vez máis conscientes de que, a pesar das diferenzas existentes, as desigualdades e discriminacións son incompatibles cos valores democráticos que queremos imperen na nosa sociedade.

Nestes cambios foron fundamentais as normativas e declaracións xeradas, que avogaban pola erradicación das discriminacións entre as persoas, tales como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas (1948).

Na actualidade, as normativas, directrices e plans de igualdades emitidas nesta materia por organismos internacionais, comunitarios, estatais, autonómicos e municipais inciden en tres liñas de traballo: transversalidade, empoderamento e corresponsabilidade.

Deste xeito, na IV Conferencia sobre a Muller (Beijing, 1995) acuñase o termo Mainstreaming ou transversalidade que non é máis que a incorporación da perspectiva de igualdade de xénero en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas. Pola súa parte, a Lei Galega para a Igualdade de Homes e

Mulleres (Lei 7/2000) fai referencia á transversalidade como “instrumento imprescindible para o exercicio da totalidade das competencias autonómicas en clave de xénero (...)” sinalando, no Capítulo II, os criterios as seguir para a súa aplicación. A *transversalidade* constitúe, pois, unha estratexia fundamental para o avance da igualdade e dos dereitos en xeral, xa que sitúa as persoas no núcleo da toma de decisións, involucra tanto a homes como a mulleres facendo un pleno uso e aproveitamento dos recursos humanos, ao tempo que visibiliza a problemática de desigualdade de xénero na cultura actual, pon de manifesto e ten en conta a diversidade de mulleres e homes.

Parelo ao concepto de transversalidade, tal como se recolle no Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades 2008-11 e no V Plan Galego de Igualdade, atópase o concepto de *empoderamento*, no sentido de valorar e fortalecer os modos de facer das mulleres, de exercer o poder e de relacionarse. Este concepto ten unha dobre vertente: capacidade das mulleres para acceder a aqueles postos onde se toman as decisións e revalorización das súas aportacións.

Por último, cómpre falar da *corresponsabilidade*, é dicir, da asunción das responsabilidades familiares (tarefas do fogar, atención a fillos/as ou maiores...) por parte de homes e mulleres, de feito que ambos dispoñan de tempo persoal, unha vez asumidas as súas responsabilidades laborais e familiares. Para acadar isto cómpre que ademais de mulleres e homes haxa unha implicación das empresas e dos poderes públicos. Nesta liña inscribíse tanto o Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero (2006) como a Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes. A nivel autonómico, ademais da Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, contase co Plan de Fomento da Corresponsabilidade, que considera que unha das claves da igualdade é a corresponsabilidade.

A pesares dos avances, seguen persistindo estereotipos e roles sexistas que colocan ás mulleres en clara desvantaxe con respecto aos homes e dificultan o disfrute pleno dos seus dereitos como cidadás. Para modificar isto, cómpre que o conxunto da sociedade asuma que toda discriminación é inaceptable, non só por razón de xustiza social, senón tamén porque a igualdade entre mulleres e homes supón un importante beneficio de cara a mellora na calidade de vida e no

benestar socioeconómico de todos e todas. Non podemos considerar como avanzada unha sociedade que prescindir das capacidades e contribucións da metade da poboación.

Atopámonos pois, con que a pesares da existencia dunha igualdade legal, a realidade social pon de manifesto a persistencia de discriminacións por razón de sexo. Esta fenda fai preciso que os poderes públicos poñan en marcha políticas orientadas a superar as discriminacións e garantir a igualdade real entre mulleres e homes.

O eido local, polo contacto máis directo coa poboación, é o contexto idóneo para á posta en marcha deste tipo de accións, xa que ten coñecemento de primeira man das problemáticas que afectan á cidadanía, dos recursos dispoñibles, das demandas e as canles que se establecen entre o poder político e a poboación. Os plans de igualdade de oportunidades a nivel municipal son polo tanto, unha ferramenta indispensable para acadar con éxito a igualdade real, ao fundamentarse nas necesidades e características concretas do contorno no que se van levar a cabo, ofrecendo unha resposta axeitada ás mesmas. Sen embargo, ademais da realización e posta en práctica destes plans, precísase unha verdadeira implicación técnica e política, xa que a consecución da igualdade real soamente se poderá acadar mediante unha intervención continuada e transversal.

O Concello de Vilagarcía, coa adopción deste, o seu II Plan de Igualdade Municipal ratifica a súa implicación na tarefa de acabar coas desigualdades de xénero que merman a calidade de vida das persoas, comprometéndose coa implementación e promoción de medidas e actuacións que, ao tempo que removen e eliminan obstáculos, facilitan ao conxunto da poboación vilagarcía o camiño cara o logro da igualdade efectiva, garantindo así o desenvolvemento integral das persoas en particular, e do conxunto da sociedade en xeral.

O II Plan contempla a continuación de accións emprendidas no I PIOM e a adopción de novas intervencións adaptadas ás necesidades detectadas. Deste xeito, o plan, estrutúrase en cinco liñas específicas de actuación impregnadas por un enfoque de transversalidade, denominador común de todas elas.

Estas liñas de actuación correspóndense coas seguintes áreas:

ÁREA I: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

ÁREA II: FORMACIÓN E EMPREGO

ÁREA III: CALIDADE DE VIDA

ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

ÁREA V: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Así pois, este II Plan, seguindo o esquema do V Plan do Goberno Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes, artellase en base a liñas específicas de actuación. Estas liñas ou áreas supoñen unha reestruturación das áreas do I PIOM por consideralas máis adecuadas a realidade actual.

Deste xeito, mantéñense as áreas de Calidade de Vida e Educación en Igualdade, modifícanse as Áreas de Formación e Emprego e Empoderamento e Participación Social, desaparece a área de Administración Local e Transversalidade e por último inclúese unha nova área: Abordaxe Integral da Violencia de Xénero.

As modificacións acaecidas responden as seguintes motivacións: as medidas relacionadas coa conciliación da vida laboral, familiar e persoal inclúense en Calidade de Vida, por entender que a asunción da “dobre xornada” e a responsabilidade case en exclusiva do coidado e das tarefas domésticas por parte da poboación feminina inflúe de xeito negativo na súa saúde e benestar.

Con respecto a Área de Empoderamento e Participación Social, consideramos importante dar un paso máis e incidir, non só na participación e no asociacionismo, senón e moi especialmente no proceso de empoderamento, fundamental para que as persoas se convertan en suxeitos activos, capaces de expresar as súas necesidades e defender os seus dereitos de cara unha maior autonomía.

No canto a Área de Administración Local e Transversalidade esta desaparece como tal xa que no actual Plan, a Transversalidade impregna todas as áreas.

E por último, este Plan conta cunha área específica de Abordaxe Integral da Violencia de Xénero por dous motivos fundamentais: primeiro, por ser a manifestación máis grave da discriminación contra as mulleres e segundo por

dar soporte as actuacións que, desde a Área de Muller se veñen levando a cabo nos últimos anos.

Unha vez expostos os fundamentos e a estrutura do II PIOM só nos resta describir o proceso de elaboración e metodoloxía empregada na súa confección. Este, caracterízase por ser lineal, aínda que non pechado; é dicir, permite unha retroalimentación constante, xa que a abordaxe dunha nova fase requiriu, nalgúns casos, unha reelaboración das fases anteriores, feito que non só non entorpeceu o proceso senón que o enriqueceu mediante o aporte de novos elementos. Elementos que contribuíron a unha maior coherencia entre as distintas fases e de cara ao produto final.

As fases do proceso de creación foron as seguintes:

### **1. Avaliación do I PIOM**

O persoal da Área de Muller do Concello de Vilagarcía avaliou e valorou o I PIOM. Desta avaliación cómpre resaltar os seguintes resultados<sup>1</sup>:

#### **Área de Administración Local e Transversalidade.**

Na Concellería (a nivel interno), podemos falar dunha mellora nos instrumentos de recollida de información, tanto de usuarias como de programas, o que aportou unha maior calidade na asistencia e nas accións, así como un maior grado de satisfacción do equipo da Concellería –CIM.

Reforzouse tamén o persoal da Concellería, creándose novos servizos, como o de mediación familiar, incrementáronse as horas de prestación de recursos especializados e mais o orzamento da Concellería para gastos de persoal.

Respecto da transversalidade, aínda que se fixeron algunhas medidas de formación previas, destinadas a sensibilizar e formar aos cadros políticos da importancia da aplicación da perspectiva de xénero nas súas áreas, é un obxectivo que debe ir madurando

---

<sup>1</sup> Para unha información máis detallada do Informe de Avaliación do I PIOM, ver anexos.

progresivamente, hai moitas inercias e resistencias que deben ser superadas, polo que se debe seguir traballando na sensibilización, no reforzo e na busca dunha maior colaboración nas áreas mais receptivas. Tamén co persoal técnico do Concello empezouse a traballar a aplicación do enfoque de xénero, a través de medidas concretas como é a utilización dunha linguaxe non sexista..

### **Área de Participación Política e Asociacionismo.**

Respecto do impulso á presenza das mulleres nos movementos asociativos, políticos e sindicais, temos que facer una diferenciación en canto ao volume de actividades desenvolvidas segunda tipoloxía das agrupacións.

Respecto do movemento asociativo e maior a súa participación no Consello Local. Con todo, a pesares da falla de implicación e de dinamismo, común na maioría das agrupacións, acadáronse algúns dos obxectivos propostos; así cómpre destacar a participación de todas as representantes nos Plenarios e a formación dunha Federación de asociacións entre todas as asociacións de mulleres de Vilagarcía. A pesares disto é precisa unha maior participación das asociacións na vida e nos intereses das súas aldeas e comunidades, de maneira que sexan axentes activos na consecución da igualdade e do empoderamento.

Cos sindicatos debemos estreitar máis a nosa relación coa fin de achegarmos á realidade da igualdade nas empresas e servir como apoio e/ou referente nestas cuestións a nivel municipal

### **Área de Formación, Emprego e Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal.**

As actividades desenvolvidas nesta área concretáronse moito en accións postas en marcha e financiadas pola propia Concellería, desde a que se fixo un importante esforzo na realización de formación cara ao emprego, no sector dos servizos á comunidade. A Concellería incrementou o presuposto adicado a formación ocupacional en 12.000,00€. Non en tanto, sería preciso coordinar



a programación de accións formativas coas distintas organizacións que a imparten, cara a unha aplicación máis racional dos recursos, sendo conscientes do elevado custe da formación ocupacional.

Respecto dos obxectivos formulados en materia de conciliación e mais de asesoramento cara ao emprego, deronse pequenos pasos potenciados desde outras áreas municipais que tamén fan a súa achega en materia de conciliación.

A pesares disto, é preciso reforzar a comunicación e potenciar a colaboración coas organizacións sindicais e empresariais para mellorar a incorporación da muller ao mercado de traballo e o coñecemento dos seus dereitos.

### **Área de Calidade de Vida**

Tamén nesta área, na que se abordan aspectos diversos, atendendo a unha definición integral da calidade de vida , establecemos prioridades, ao igual que no resto do Plan; deste xeito temos obxectivos moito máis desenvolvidos que outros como ocorre no resto das áreas.

Nesta área, é o obxectivo que ten que ver coa Violencia de xénero o que xerou unha acción máis continuada e sistemática tanto respecto da sensibilización, como da formación e de activación de recursos.

Ampliáronse e reforzáronse todos os servizos; así contamos cun servizo propio de mediación familiar, o que supón unha novidade e un indicador da calidade da atención. Melloráronse os protocolos en situacións de emerxencia, e a coordinación coas forzas de seguridade e os xulgados. Dedicáronse recursos á formación e sensibilización tanto de distintos sectores profesionais vencellados ao tema (profesorado, persoal sanitario, medios de comunicación, forzas de seguridade...) como a poboación en xeral e ao colectivo de homes en particular.

En relación aos outros obxectivos, ao nivel da saúde temos que resaltar a receptividade dos profesionais sanitarios respecto das patoloxías asociadas ao traballo invisible (doméstico) ou a boa

resposta das mulleres ao exercicio físico como promoción da saúde e do seu tempo libre.

Tamén queremos subliñar a introdución nas pautas de ocio das mulleres dalgunhas actividades moi novedosas, como son os cursos de escritura creativa.

### **Área de Educación en Valores Igualitarios.**

Esta área é unha das máis desenvolvidas do Plan, entre outras causas porque é unha área xa consolidada desde a Concellería. O traballo cos colexios, a través dos obradoiros de igualdade, incrementouse, sendo xa unha constante nas actividades complementarias que realizan os centros. Ademais procuramos seguir integrando á toda a comunidade educativa nestas accións, de xeito que non sexan accións illadas e teñan continuidade nos centros e nas familias. Podemos incluír nesta liña o Premio pola Igualdade na Escola, e tamén as charlas coas Anpas e as ludotecas que se fan no verán. Por outra banda, iniciamos accións dirixidas ao colectivo masculino, tanto respecto dos reparto de tarefas, como sobre os procesos de construción da masculinidade.

Este balance foi a base para a elaboración do II PIOM.

## **2. Elección da Entidade/ empresa que fai a elaborar o II PIOM.**

Unha vez tomada a decisión de confeccionar un II Plan, pediuse presuposto a varias entidades. A seleccionada foi APAIOGA (Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega) que conta con persoal especializado en igualdade de oportunidades e experiencia na elaboración de PIOMs.

O primeiro que fixo APAIOGA foi crear un equipo de traballo formado por 6 persoas que foron as encargadas de executar todo o proceso.

Previo a este, houbo unha primeira reunión entre o persoal da Área de Muller e APAIOGA onde se sentaron as bases para a elaboración do mesmo.

### **3. Recollida e Análise da Información.**

Nesta fase, na que se fixo un uso case exclusivo de internet para acceder as distintas fontes, debemos distinguir dous tipos de información: información de índole legal e normativo e información de índole estatístico.

No primeiro caso, fíxose unha recompilación exhaustivas da normativa e políticas en materia de igualdade a todos os niveis: internacional, comunitario, estatal, autonómico e municipal. Esta recompilación recolle non só as normativas e políticas actuais senón que tamén aquelas que, historicamente, supuxeron un punto de inflexión en materia de igualdade de oportunidades.

Así mesmo, consultáronse os Plans de Igualdade e Estratexias vixentes a nivel europeo, nacional e autonómico, tomando o V Plan Galego como un dos principais referentes para a elaboración do II PIOM.

No segundo caso, acudiuse a organismos oficiais como son o Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a recollida de datos estatísticos, fundamentalmente de tipo demográfico.

Para os datos relativos ao emprego, ademais das fontes anteriores empregáronse datos facilitados pola Consellería de Traballo.

Con respecto aos datos de ámbito educativo, as fontes manexadas foron tres: o IGE e INE, a Consellería de Educación e datos de elaboración propia (por parte do persoal da Área de Muller) obtidos a partir de enquisas nos propios centros educativos.

Os datos relativos ao resultado das últimas eleccións municipais e á composición de goberno foron facilitados pola Xunta de Goberno.

Por último, os datos relacionados con violencia de xénero son os datos que manexa a Policía Nacional.

Neste segundo caso, participou activamente o persoal da Área de Muller.

Feita a recollida de datos cómpre unha interpretación dos mesmos. Para iso empregouse a Análise D.A.F.O (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). As debilidades e fortalezas supoñen unha análise interno, do contexto onde se vai a implementar o plan, mentres que as ameazas e oportunidades son aspectos de carácter externo que propician ou dificultan a posta en marcha, neste caso do Plan. Así mesmo, a interpretación fíxose con perspectiva de xénero, é dicir, valorouse os datos atendendo a súa significación para mulleres e homes.

As conclusións deste análise D.A.F.O son as seguintes:

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Temporalidade das accións desenvolvidas no I PIOM, que repercutiu na escasa cobertura dalgúns dos obxectivos que se planeaban no mesmo.</li> <li>✓ Persistenza de situacións a nivel municipal que continúan poñendo de manifesto desequilibrios na participación de mulleres e homes en diferentes ámbitos.</li> <li>✓ Débil coñecemento dos intereses e das necesidades reais e específicas da cidadanía vilagarcián en materia de igualdade de oportunidades.</li> <li>✓ Volta ao uso dunha linguaxe sexista e a non recollida de datos desagregados por sexo debido a inercia e/ou invisibilidade da utilidade destas ferramentas para loitar contra a desigualdade de xénero.</li> <li>✓ Diversificación da área de igualdade en dúas concellarías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Escasa concienciación social sobre o tema da igualdade de oportunidades, incompreensión sobre os beneficios sociais que reporta tanto para o benestar da cidadanía como para o desenvolvemento sostible.</li> <li>✓ Forte reacción contraria, a certas medidas a prol da igualdade de oportunidades, por parte de sectores conservadores da sociedade.</li> <li>✓ Tratamento pexorativo e/ou sensacionalista, por parte dos medios de comunicación, de circunstancias que impiden ás mulleres acadar a igualdade real (violencia de xénero, maior cota de poder político, maior presenza na empresa...)</li> <li>✓ Mantemento e reprodución dos roles tradicionais de xénero.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Crecente interese socio – político a nivel local pola temática da igualdade de oportunidades.</li> <li>✓ Experiencia positiva na implementación do I Plan Municipal de Igualdade do concello.</li> <li>✓ Persoal técnico de igualdade contratado polo Concello.</li> <li>✓ Incremento da actividade dos grupos de traballo do Consello Local da Muller tras a aplicación do I PIOM.</li> <li>✓ Actuacións a prol da igualdade en distintos ámbitos (educación, asociación, medios de comunicación...)</li> <li>✓ Tecido asociativo importante</li> <li>✓ Existencia de coordinación interdepartamental</li> <li>✓ Recursos socias para a igualdade (CIM, SERVIZO DE MEDIACION, GARDERIAS, ASOCIACION...)</li> <li>✓ Seguimento continuo do I PIOM, ou avaliación interna do I PIOM</li> <li>✓ Coordinación da Área de Muller coa policía nacional e o xulgado de cara a loita contra a violencia de xénero.</li> <li>✓ Presenza de mulleres nos órganos políticos de decisión local.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Existencia dun marco legal próspero e favorecedor para a promoción da igualdade.</li> <li>✓ Existencia de xulgados específicos de violencia de xénero</li> <li>✓ Convocatorias de subvencións a nivel autonómico e nacional que favorecen a presentación de proxectos e propostas para promover a igualdade desde o ámbito local.</li> <li>✓ Crecente oferta de servizos e recursos técnicos específicos para a promoción da igualdade desde o ámbito empresarial, e auxe do concepto de responsabilidade social.</li> <li>✓ Maior concienciación por parte da sociedade da necesidade de seguir avanzando no camiño da igualdade.</li> </ul>

#### **4. Redacción do Plan.**

Rematada as fases de recollida e análise de información pasouse a redacción do Plan.

O Plan, en canto a contido, é froito da experiencia e aprendizaxe do plan anterior ao tempo que a súa estrutura busca dar resposta a situación actual seguindo as directrices marcadas polo V Plan do Goberno Galego.

Durante todo o proceso houbo un continuo intercambio de información entre a Área de Muller e APAIOGA, fundamentalmente a través do correo electrónico e o teléfono. Neste caso, as Novas Tecnoloxías permitiron reducir as reunións de traballo presenciais a tres: a primeira anterior a todo o proceso, a segunda para debater e decidir as áreas nas que se ía estruturar o plan (previa presentación dun esquema de traballo por parte de APAIOGA) e a última para a revisión, unha vez presentado o borrador do Plan, dos distintos apartados e actuacións incluídas no mesmo). Nesta xuntanza se supervisou punto por punto todo o documento de traballo, procedendo, por parte de APAIOGA, á realización dos cambios que o persoal da Área de Muller considerou oportunos. Feito os cambios se devolveu o documento para a supervisión final.

Unha vez rematado todo este proceso e entregado o documento definitivo, este foi ratificado e aprobado no Pleno Municipal para a súa implementación.

Cada unha das Áreas do Plan conta cunha pequena xustificación, un obxectivo xeral, varios obxectivos específicos e, por cada un destes, deseñáronse actuacións concretas nas que se especifica indicadores de avaliación, poboación destinataria e departamento/s responsables da súa execución.

Con respecto aos indicadores propostos cómpre sinalar que estes son instrumentos que amosan información relativa a unha realidade e empréganse para facer un seguimento e avaliación da

mesma; é dicir, seleccionamos aqueles que consideramos máis relevantes, factibles de medir e que nos permitiran o seu uso en distintas actuacións.

Deste xeito, cada actuación leva parella unha serie de indicadores. A tipoloxía destes varía atendendo ao tipo de actuación; por exemplo, non son os mesmos os indicadores propostos para unha acción formativa que para unha acción de difusión. Con todo, os indicadores recollidos poden agruparse atendendo a seguinte tipoloxía:

- ✓ Cuantitativos: nº de mulleres e homes, recursos económicos dedicados, nº de proxectos, programas, campañas e actuacións...
- ✓ Cualitativos: grao de valoración, grao de satisfacción.
- ✓ Contexto: características sociodemográficas, lugar de realización (rural, urbano), realización, material editado, campañas, tipos, medios, soportes e ubicación de realización.
- ✓ Xénero: participación desagregado por sexo, accións positivas, contidos con enfoque de xénero.
- ✓ Recursos económicos dedicados: orzamento empregado en relación ao tipo de actuación.

Por último, e a modo de conclusión, debemos facer fincapé en dous aspectos metodolóxicos fundamentais deste PIOM. O primeiro, máis relacionado co contido do Plan que co seu proceso de elaboración, fai referencia á asunción das directrices que desde institucións de ámbitos superiores se establecen, para transferilos e implementalos a nivel local, onde pola proximidade coa cidadanía, estas poden acadar resultados reais e factibles.

O segundo, refírese ao proceso de elaboración, caracterizado por unha retroalimentación continua, non só entre as distintas fases do proceso, senón tamén entre as partes involucradas na súa redacción: o persoal da Área de Muller do Concello e o equipo redactor do mesmo.

## CONTEXTO XEOGRÁFICO

Vilagarcía de Arousa é un concello da provincia de Pontevedra, encadrado na comarca do Salnés. Conta cunha poboación de 37.329 habitantes<sup>2</sup>, o que a sitúa como oitava cidade de Galicia.

O Concello divídese en 10 parroquias: Santa Eulalia de Arealonga, Bamio, Santiago de Carril, San Pedro de Cea, Cornazo, Fontecarmoa, Rubiáns, Vilaxoán, Sobradelo e Solobeira. A súa vez, o núcleo componse de 11 barrios, que son: San Xosé, A Escardia, Espiñeira, Os Duráns, Castro, Centro (Vilagarcía), A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira e Vilaboa.

Xeograficamente limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis, ao sur con Vilanova de Arousa e ao oeste coa ría de Arousa.

## DATOS DEMOGRÁFICOS

Os datos recollidos a continuación veñen a describir a estrutura da poboación vilagarcía desagregada por idade, sexo, estado civil, número de nacementos e defuncións, saldo vexetativo e matrimonios. Faise especial fincapé na evolución destes datos nos últimos anos, que evidencian o crecemento do concello de Vilagarcía de Arousa.

---

<sup>2</sup> Datos extraídos dunha reportaxe do xornal "La Voz de Galicia, de 29 de maio de 2008 cuxos datos, manexados polo INE son de Xaneiro de 2008



## Estrutura da poboación por idade e sexo.

	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>16.060</b>	<b>17.436</b>
0-4	736	727
5-9	801	759
10-14	935	941
15-19	1.066	1.106
20-24	1.484	1.419
25-29	1.419	1.394
30-34	1.385	1.398
35-39	1.235	1.233
40-44	1.152	1.274
45-49	1.102	1.161
50-54	968	1.025
55-59	896	967
60-64	697	749
65-69	760	991
70-74	635	786
75-79	406	655
80-84	240	449
85-89	116	285
90 e mais	27	117

Táboa 1: Poboación segundo sexo e idade (INE, 2001)

O maior grupo de poboación do concello (case un 40%) atópase entre os 20 e os 44 anos, sen que existan diferenzas significativas entre o número de mulleres e o de homes. Ata os 40 anos mantense un equilibrio demográfico entre ambos os dous sexos; e é a partires do tramo de idade de 65 a 69 anos cando de xeito progresivo se incrementa a porcentaxe de mulleres que a partir dos 80 anos duplica ao número de homes e por enriba dos 90 supón mais dun 81% do total de persoas desa idade.

Para afondar na análise da estrutura da poboación convén facer referencia a unha serie de índices: o índice de dependencia global, o índice de dependencia xuvenil e o índice de envellecemento.

O Índice de Dependencia Global (IDG) expresa a relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes (menor de 20 e maior de 64) e o grupo de poboación potencialmente activo. No concello de Vilagarcía, por cada

cen persoas potencialmente activas hai mais de 56 persoas economicamente dependentes (Anexo II, Táboa 1).

O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX) expresa a relación entre a poboación nova, menor de 20 anos, e a poboación potencialmente activa. Este índice mostra un descenso continuado (coa excepción do ano 2004) da proporción de poboación menor de 20 anos coa poboación potencialmente activa (Anexo II, Táboa 2).

O Índice de envellecemento (Ienv) expresa a relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20 (Anexo II, Táboa 3). A tendencia no incremento progresivo deste índice, ponnos en aviso sobre que nun futuro se poden producir dificultades para que exista un adecuado recambio poboacional, a expensas do saldo migratorio. Por outra banda, este incremento tamén indica un futuro aumento no número de poboación envellecida e potencialmente dependente, dato que, examinado dende unha perspectiva de xénero, indica que a medio prazo o número de persoas coidadoras, con ou sen remuneración, na súa maioría mulleres, ten necesariamente que verse notablemente incrementado.

### **Poboación segundo sexo e estado civil**

Segundo o estado civil, a poboación vilagarcía solteira e casada mantén un relativo equilibrio. Nembargante a proporción de mulleres separadas e divorciadas é lixeiramente superior (58% fronte o 41% de homes). Este é un rasgo característico das poboacións de carácter urbano, xeralmente atribuído ás maiores posibilidades para as mulleres, especialmente as que teñan cargas familiares, de inserción no mercado laboral e de acceso a servizos públicos que faciliten a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Por outra banda destaca que do colectivo de persoas viúvas o 82,41% son mulleres (Anexo II, Táboa 4).

### **Indicadores demográficos**

Os indicadores demográficos comprenden taxas de natalidade, fecundidade, nupcialidade e mortalidade (Anexo II, Táboas 5, 6, 7 e 8). De todos

eles cómpre destacar o incremento da idade media da maternidade, de 29,5 anos en 1998 a 30,4 anos en 2005, seguindo a tendencia estatística predominante no resto de Galicia, aínda que está mais dun ano por baixo das medias correspondentes aos grandes núcleos urbanos da comunidade autónoma. Nembargante produciuse un aumento das taxas de natalidade e fecundidade que, aínda que xeralmente se asocian ao incremento da poboación inmigrante, no caso de Vilagarcía de Arousa ten tamén unha forte incidencia a migración interna (persoas que chegan doutras localidades da mesma comunidade autónoma) formada maioritariamente por persoas mozas.

### **Poboación estranxeira**

A inmigración é unha realidade do presente e será un dos trazos distintivos do futuro.

Resulta moi significativo o espectacular aumento da poboación inmigrante no concello de Vilagarcía, que pasou do 0,93% ao 3,61% do total da poboación (Anexo II, Táboa 13). A inmigración feminina supón un 51,09% do total deste colectivo. En canto á procedencia desta poboación estranxeira, destacar que o 66,64% procede de América, o 27,55% é de orixe europeo, seguido moi de lonxe polas persoas procedentes de África (3,55%) e de Asia (2,26%). A poboación estranxeira feminina procede basicamente de América: o 73,12%. Para o resto das procedencias, a porcentaxe de mulleres é inferior á de homes: Europa (22,3%), África (2,66%) e Asia (1,92%).

No caso da poboación estranxeira feminina sería interesante afondar no coñecemento e análise de necesidades, expectativas e dificultades deste colectivo, especialmente no ámbito da inserción laboral, pero sen descoidar outros como a aprendizaxe dos idiomas oficiais e adaptación aos hábitos e costumes cotiáns na sociedade de acollida. Hai que ter presente que estas mulleres sofren unha dobre discriminación, por xénero e por orixe étnica, polo que resulta fundamental incorporar a perspectiva de xénero nas políticas de inmigración e integración.

	Total	%	
		Homes	Mulleres
<b>Total poboación</b>	<b>36.743</b>	<b>48,34%</b>	<b>51,66%</b>
<b>Total estranxeiros</b>	<b>1.325</b>	<b>48,91%</b>	<b>51,09%</b>
África	<b>47</b>	61,70%	38,30%
América	<b>883</b>	43,94%	56,06%
Asia	<b>30</b>	56,67%	43,33%
Europa	<b>365</b>	58,63%	41,37%


Táboa 2: Porcentaxe poboación inmigrante por sexo e procedencia Elaboración propia a partir do Padrón Municipal de habitantes (IGE, 2007)

En liñas xerais, podemos afirmar que o concello de Vilagarcía é receptor de poboación. O colectivo de inmigrantes procede maioritariamente do estranxeiro, seguido por persoas que proveñen do resto da provincia de Pontevedra (Anexo II Táboa 14). Destaca sobre todo, o feito de que nos últimos anos o saldo migratorio, tanto interno coma externo, sexa positivo, o que indica que o concello se atopa inmerso nunha fase de crecemento e expansión sostible. Este dato que de seguro supón unha fortaleza para o concello, trae aparellada a responsabilidade de asumir novos retos en función das necesidades que esta nova poboación poida ter (vivenda, emprego, servizos de conciliación...).

## MERCADO LABORAL

Hai diferenzas moi significativas na incorporación ao mercado laboral de mulleres e homes. As taxas de actividade, ocupación e desemprego son indicadores fundamentais para a análise da situación de ambos os dous sexos.

Entendemos por poboación activa aquela de 16 e mais anos ocupada (que desenvolve unha ocupación por conta propia ou allea) ou parada (que demanda emprego). A poboación inactiva é a que, no mesmo tramo de idade, non forma parte do mercado de traballo remunerado por diversas situacións e circunstancias: persoas pensionistas, xubiladas, estudantes, adicadas as tarefas do fogar...




Gráfica 1: Poboación inactiva segundo sexo e situación. Vilagarcía de Arousa (IGE, 2001)


Realizando unha comparativa en función de xénero relacionada coa actividade e inactividade, podemos ver que a maioría da poboación inactiva do concello está composta por mulleres (o 64,5%). A persistencia da división sexual do traballo xoga un papel fundamental neste indicador. A influencia do reparto tradicional de roles, que asignaba ás mulleres a responsabilidade das funcións reprodutivas e aos homes a do traballo produtivo, é evidente se consideramos que do total de persoas en situación de inactividade, por dedicarse ás tarefas do fogar, as mulleres supoñen o 98,5%. Desde unha perspectiva de xénero a situación de desigualdade é evidente. Nembargante, se sumamos o número de mulleres ocupadas (4.932) e o número de mulleres inactivas dedicadas a tarefas do fogar (3.772), obtemos unha cifra moi superior á dos homes ocupados (8.704 fronte a 7.682). O feito de non computar o traballo realizado polas mulleres no fogar distorsiona a análise da realidade, xa que considera como “inactivas” a un amplo número de mulleres que si realizan un traballo cuantificable economicamente, pero non remunerado. A cuestión que se debe plantexar é si estas mulleres se incorporarían ao mercado de traballo remunerado se tivesen oportunidades, ou se non o farían en ningún caso.

No caso da taxa de ocupación, este patrón volve repetirse. O 61% das persoas que desenvolven unha ocupación remunerada, ben por conta allea ou propia, son homes. En canto ao desemprego as diferenzas fanse mais evidentes: a taxa de paro feminina é do 21,3; a masculina é inferior en nove puntos: 12,1. Esta diferenza na taxa de desemprego é moito mais evidente no colectivo de

maiores de 25 anos; unha vez mais o modelo de división sexual do traballo polo cal a atención e coidado do ámbito doméstico e familiar é unha responsabilidade maiormente feminina impide que as mulleres accedan ao emprego en igualdade de oportunidades (Anexo II, Táboa 16).




Gráfica 2: Poboación activa segundo sexo.



Gráfica 3: Poboación parada segundo sexo.


Os datos de ocupación por sectores mostran unha clara subrepresentación do colectivo de traballadoras no sector da construción, que segue a ser unha ocupación masculinizada. Na industria, a pesares do peso da industria conserveira que tradicionalmente contrataba a un grande número de mulleres, observamos que actualmente o colectivo feminino non acada a terceira parte do total de persoas empregadas no sector. Destaca positivamente o equilibrio entre mulleres e homes nos sectores da agricultura e da pesca, equilibrio que supón unha ruptura cos mesmos datos a nivel autonómico e estatal.



Gráfica 4: Poboación ocupada por sexo e actividade. Vilagarcía de Arousa (INE, 2007)


En canto a ocupación e á situación profesional, as diferenzas son evidentes. Na dirección de empresas e administracións públicas, a porcentaxe de mulleres non chega ao 40%, ao igual que entre a categoría técnica de apoio. Pola contra, as mulleres son maioría para os cargos de profesionais intelectuais (54%), empregadas de tipo administrativo (51%) e traballos de servizos de restauración, persoais, protección e vendas, que con case o 62% é a ocupación onde se concentra un maior número de mulleres.

Por outra banda, o colectivo feminino supón o 48,7% das persoas que traballan na agricultura e na pesca, o 46% nos traballos non cualificados, o 31% das operadoras e operadores de instalacións e maquinaria, o 24,7% nas Forzas Armadas e só un 9,5% do total das e dos artesáns traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería.



Gráfica 5: Porcentaxe de poboación ocupada segundo sexo e poboación. (INE, 2001)

DE	Dirección das empresas e das administracións públicas
TP	Técnicos/as e profesionais científicos e intelectuais
TA	Técnicos/as e profesionais de apoio
Ad	Empregados de tipo administrativo
Sv	Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as
AP	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
AI	Artesás/ns traballadores/as cualificados/as das industrias manufactureiras, da construción e da minería
OI	Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as
NC	Traballadores non cualificados
FA	Forzas armadas



Gráfica 6: Mulleres ocupadas por sector de actividade



A situación profesional presenta diferenzas de xénero importantes en canto aos tipos de contrato. Para os contratos iniciais (que non supoñan a renovación dunha relación contractual anterior), podemos ver que o 53,79% dos contratos indefinidos son asinados por homes, mentres que as mulleres son o 77,15% do total de persoas contratadas como interinas e o 54,12% das contratadas en prácticas. Por tipo de contrato, as mulleres asinan en primeiro lugar contratos temporais por circunstancias da produción (47,83%), seguidos dos contratos temporais de obra ou servizo (24,31%) e os de interinidade (23,54%). O colectivo masculino accede maiormente a contratos temporais por circunstancias da produción (60,14%), e de obra ou servizo (23,57%) seguidos moi de lonxe polos contratos de interinidade (7,69%). Polo tanto queda claro que a pesares dos reiterados esforzos da Administración por fomentar a contratación de mulleres e o emprego estable queda moito camiño por percorrer no eido do acceso en igualdade de oportunidades ao mercado laboral.

	<b>Total</b>	Homes	Mulleres
<b>Total de contratos iniciais</b>	<b>17.283</b>	<b>8.217</b>	<b>9.066</b>
Indefinido ordinario e fomento do emprego	<b>567</b>	305	262
De obra ou servizo	<b>4.141</b>	1.937	2.204
Eventual por circunstancias da produción	<b>9.278</b>	4.942	4.336
Interinidade	<b>2.766</b>	632	2.134
En prácticas	<b>85</b>	39	46
Para a formación	<b>194</b>	139	55
Outros	<b>252</b>	223	29

Táboa 3: N° de contratos segundo modalidade e sexo no 2007 (Consellería de Traballo, 2007)

Outra barreira a superar no camiño da igualdade é a da segregación vertical, pola cal as mulleres concéntranse nas categorías profesionais inferiores, sendo escasa a súa presenza nos postos de maior responsabilidade.

Un exemplo desta segregación atopámolo entre o profesorado dos centros educativos de Vilagarcía. A pesares de ser o da educación un ámbito tradicionalmente feminizado, a desigualdade que amosa a presenza de docentes nas diferentes etapas educativas é froito da distribución das posicións na

estrutura social xeral e na do emprego en particular, en razón de relacións de desigualdade de xénero.

De todo o persoal das escolas unitarias e as escolas infantís (41 persoas en total, entre docentes, dirección, secretaría e xefatura de estudos), só figura un home. Nembargante, no ensino secundario, de bacharelato e ciclos formativos, dun total de 302 docentes, o 49% son homes. Ademais, as catro direccións dos centros son ocupadas por homes, ao igual que as 3 vicedireccións, 4 das 6 xefaturas de estudos que suman entre os catro centros e 3 secretarías das catro existentes (Anexo II, Táboas 24 e 25).

Como podemos ver, a segregación e os estereotipos xogan un papel importante na elección de profesión. A docencia é unha profesión feminizada, acaída ao rol tradicional de coidado de nenos e nenas, pero pódese observar que ao subir na escala educativa a proporción de mulleres descende.

Na actividade empresarial vilagarcía, predominan as empresas dedicadas ao comercio, seguidas das inmobiliarias e as de hostalería. Polo tanto, as principias actividades económicas do concello enmárcanse dentro de sectores feminizados, sen que isto se traduza nunca situación real de vantaxe para o acceso das mulleres ao emprego.

<b>Todas as actividades</b>	<b>1.420</b>
<b>Industria, incluída a enerxía</b>	<b>49</b>
Industrias extractivas	3
Industria manufactureira	46
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	0
<b>Construcción</b>	<b>96</b>
<b>Servicios</b>	<b>1.275</b>
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico	530
Hostalería	167
Transporte, almacenamento e comunicacións	97
Intermediación financeira	40
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servicios empresariais	260
Educación	39
Actividades sanitarias e veterinarias, servicios sociais	62
O Outras actividades sociais e de servicios prestados á comunidade; servicios persoais	80

Táboa 2: Directorio de empresas e unidades locais (IGE, 2006)

## ÁMBITO EDUCATIVO

O nivel educativo acadado polo conxunto das persoas dunha sociedade di moito do grao de desenvolvemento e benestar desa sociedade, así como do grao de implantación de valores igualitarios e democráticos. As sociedades mais democráticas e igualitarias son aquelas que ademais de garantir o acceso á educación manteñen aos individuos durante mais tempo no sistema educativo e garanten o logro académico sen discriminacións. Polo que respecta á análise de xénero hai unha situación histórica de desigualdade que se traduce no acceso á educación e as taxas de abandono escolar feminino que afectou, sobre todo, ás mulleres maiores de 55 anos. Este fenómeno de exclusión escolar das mulleres reflíctese na taxa de analfabetismo que, a pesares de ser baixa (supón o 1,56% do total da poboación maior de 16 anos), afecta principalmente a mulleres, de xeito que a taxa de analfabetismo feminina triplica á masculina (Anexo II, Táboa 24).


A pesares desta desigualdade histórica, hoxe en día hai mais mulleres matriculadas no ensino secundario e superior. As mulleres supoñen o 58,4% das persoas matriculadas en Bacharelato, o 50,8% do estudantado de diplomaturas universitarias, arquitectura, enxeñerías técnicas ou equivalentes, o 55% nas licenciaturas universitarias, o 57,7% nos estudos de posgrao, másteres, MIR ou análogos e doutoramentos e o 64,9% doutros cursos (Anexo II, Táboa 24).

Por outra banda, os homes son maioría nos estudos de Formación Profesional de grao medio e superior (61,1% e 51,7% respectivamente).


## CONCELLO DE VILAGARCÍA

No referente aos indicadores de representación política, o concello de Vilagarcía de Arousa atópase en cifras evidentemente positivas. Non só cumpre a marxe de 60-40 desexable nunca sociedade democrática e paritaria, senón que o 62% da composición da Xunta de Goberno está formada por mulleres, incluíndo a figura principal da alcaldía, que desde o ano 2007 está ocupada por unha muller, por primeira vez na historia deste concello.


## Eleccións municipais.



Gráfica 7: Representación acadada polos distintos partidos nas anteriores eleccións municipais (Maio, 2007)



Gráfica 8: Resultados acadados atendendo ao sexo nas anteriores eleccións municipais (Maio, 2007). Xunta de goberno local



Gráfica 9: Composición por sexo da Xunta de Goberno Local actual.

## VIOLENCIA DE XÉNERO

Tal como se observa na seguinte táboa, no ano 2007 o número de denuncias presentadas por violencia de xénero e no ámbito familiar

incrementouse nun 30,56% e o número de ordes de protección concedidas aumentou un 13,34%.

O incremento do número de denuncias está relacionado, non cun aumento dos casos de violencia, senón coa maior concienciación que existe e se transmite desde as institucións e a opinión pública. A decisión de denunciar é un paso transcendente e vital nunha situación de violencia, e é por isto que o respaldo e axuda ás vítimas que deciden denunciar é unha labor moi importante que hai que desenvolver da maneira mais eficaz e eficiente.

	2006	2007
Denuncias por malos tratos (violencia de xénero e ámbito familiar -delitos e faltas-)	72	94
Ordes de protección tramitadas	37	34
Ordes de protección concedidas	60	68

Táboa 5: Evolución de datos relativos a denuncias por malos tratos e ordes de protección (Datos facilitados pola Policía Nacional).

## **ÁREAS DE ACTUACIÓN**

## **ÁREA I: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN SOCIAL**

### **XUSTIFICACIÓN**

Na IV Conferencia Mundial das Mulleres celebrada en Bejing no ano 1995 propúxose a estratexia do Mainstreaming, mediante a cal se impulsaría a igualdade real de oportunidades, partindo da totalidade das políticas públicas e axentes sociais, facendo partícipe a toda a cidadanía e aos contextos de interacción entre as persoas. No V Plan Galego de Igualdade 2007 - 2010, co obxectivo de facer viable esta estratexia deseñáronse unha serie de actuacións baixo a denominación de liña estratéxica de participación social e empoderamento, na que se recollen por un lado, as medidas esenciais para facer efectivo o principio transversal da igualdade de oportunidades, contando por outro coa necesaria participación das mulleres como fonte directa de expresión das súas necesidades básicas e/ou prácticas, e os seus intereses estratéxicos.

Podemos definir o empoderamento como un proceso integral de fortalecemento mediante o cal as persoas se convirten en suxeitos activos, capaces de expresar as súas necesidades e de velar pola consecución dos seus dereitos, así como de abrir camiños para acadar a súa autonomía e a realización dos seus proxectos de vida. Para chegar a isto cómpre axudar tanto á toma de conciencia das necesidades reais como facilitar o desenvolvemento das capacidades e habilidades precisas para acceder aos seus dereitos e a realización dos intereses particulares de cada persoa.

Mediante o I PIOM do concello de Vilagarcía iniciáronse unha serie de actuacións encamiñadas a promover o impulso da transversalidade a nivel local, pasando pola necesaria información e formación inicial do cadro de persoal técnico e político, así como a difusión para dar a coñecer o Plan e o cometido do traballo pola igualdade. A segunda das súas áreas estivo encamiñada a fomentar a participación social do colectivo de mulleres do concello, impulsando o seu dinamismo e facilitándolles apoio técnico para o bo desenvolvemento da actividade cotiá asociativa.

Neste segundo Plan presentamos unha nova proposta, que ademais de garantir a continuidade do xa iniciado, permita incorporar a participación das mulleres na elaboración de todas as políticas e programas, asegurando unha estratexia de mainstreaming efectiva, que garanta resposta aos intereses e necesidades concretas do colectivo de mulleres do concello. No actual Plan o mainstreaming de xénero e o empoderamento son concibidas como dúas estratexias necesariamente complementarias, xa que para que o principio de igualdade sexa tido en conta, tanto por parte da administración local como por parte dos demais axentes sociais que operan no territorio, debe existir un coñecemento das opinións e necesidades concretas das mulleres, expresadas por elas mesmas. Así nesta nova área, baixo o título de empoderamento e participación social, inclúense actuacións que toman como destinatarias directas ás propias mulleres con base a fortalecer o seu empoderamento, ademais doutras actuacións dirixidas á administración local, axentes sociais e axentes económicos do territorio. Deste xeito, pretendese integrar eses dous procesos que necesariamente deben conxugarse, empoderamento e mainstreaming de xénero.

### **OBXECTIVO XERAL**

Impulsar a incorporación da perspectiva de xénero no eido local, adaptada ás necesidades básicas e intereses estratéxicos das mulleres.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1.** Incorporar as necesidades básicas e intereses estratéxicos das mulleres no deseño e implementación de todas as políticas da administración local.
- 2.** Sensibilizar e apoiar a incorporación da perspectiva de xénero no tecido social, económico e cultural do contorno.
- 3.** Xerar procesos de empoderamento adaptados ás diferentes necesidades do colectivo de mulleres do concello de Vilagarcía.
- 4.** Implicar aos cidadáns homes na igualdade de oportunidades, promovendo novas masculinidades así como o seu apoio ao movemento feminista.



## ACTUACIÓNS

*Obxectivo1: Incorporar as necesidades básicas e intereses estratéxicos das mulleres no deseño e implementación de todas as políticas da administración local.*

1.1.Continuar co desenvolvemento de formación, para persoal político e técnico do concello, en temas relacionados coa igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero.

Destinatarias/os persoal das concellarías e departamentos da administración local.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de accións formativas promovidas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Tipoloxía e contidos das actividades.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo e cargo.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.2.Celebración de reunións periódicas entre as diferentes concellarías coas entidades asociativas protagonizadas por mulleres co dobre obxectivo de recoller propostas sobre as súas necesidades e dificultades reais en todos os ámbitos.

Poboación destinataria: entidades asociativas e/ou outros colectivos con representación de mulleres vilagarciás.

Departamentos responsables: todas as Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Indicadores:**

- ✓ N° de reunións celebradas por Área e Departamento.
- ✓ N° e tipoloxía de entidades convidadas.
- ✓ N° e tipoloxía de entidades asistentes.
- ✓ N° e tipo de propostas recollidas.
- ✓ Satisfacción das entidades asistentes coas reunións.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actividades.
- ✓ N° e tipoloxía de propostas e melloras incorporadas a programas e políticas existentes.

**1.3. Elaboración do informe de impacto de xénero do Plan de Mobilidade Municipal, que sirva como proxecto piloto da elaboración destes informes en vindeiras normas municipais.**

**Poboación destinataria:** todas as Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller; Área de Xestión do Territorio.

**Indicadores:**

- ✓ Informe elaborado.
- ✓ Tempo de elaboración do informe.
- ✓ N° de persoas participantes na elaboración do informe, desagregado por sexo e cargo.
- ✓ Dificultades xurdidas no proceso de elaboración.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**1.4 Desenvolver cursos de formación específicos sobre a avaliación con impacto de xénero .**

**Poboación destinataria:** persoal das Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Departamentos responsables:** todas as Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Indicadores:**

- ✓ N° de accións formativas promovidas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Tipoloxía e contidos das actividades.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo e cargo.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.5. Deseño dunha ferramenta específica para a recollida de información desagregada por sexos sobre a participación de mulleres e homes na totalidade de programas e actividades que se promovan dende o concello.

**Poboación destinataria:** persoal técnico e político do concello.

**Departamentos responsables:** todas as Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Indicadores:**

- ✓ Ferramenta elaborada e distribuída.
- ✓ N° e tipo de departamentos que a empregan.
- ✓ Dificultades xurdidas co uso da ferramenta por parte do persoal técnico.
- ✓ Cantidade e utilidade da información recollida por medio da ferramenta.

1.5. Continuar co desenvolvemento das iniciativas para favorecer o uso da linguaxe non sexista iniciadas co primeiro plan de igualdade, reforzando a avaliación do seu resultado nos usos da linguaxe administrativa.

**Poboación destinataria:** persoal técnico e político do concello.

**Departamentos responsables:** todas as Áreas e Departamentos Técnicos da Administración Local.

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipo de accións promovidas.
- ✓ N° e tipo de documentos revisados.
- ✓ N° e tipo de correccións da linguaxe introducidas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.7. Incluir nas negociacións do convenio colectivo e Acordo Marco do Persoal do concello propostas para facilitar o equilibrio e paridade nos postos de responsabilidade aos que se acceda por promoción interna.

**Poboación destinataria:** persoal técnico do concello.

**Departamentos responsables:** representación legal do persoal do concello.

**Indicadores:**

- ✓ Cláusulas introducidas no convenio colectivo.
- ✓ N° e tipo de cargos incorporados por sexo.

1.8 Incorporar criterios de igualdade nos procesos de adxudicación e contratación con empresas por parte do Concello.

**Poboación destinataria:** empresas que participen en procesos de contratación por parte do Concello.

**Departamentos responsables:** Todas as áreas municipais, en colaboración coa Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller;

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipo de procesos de criterios incorporados.
- ✓ N° e tipo de procesos de contratación afectados.

1.9 Deseño e implementación dun Plan de Programación de Tempos na Cidade que recolla con perspectiva de xénero o reparto e os diferentes usos do tempo.

**Poboación destinataria:** toda a poboación de Vilagarcía.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ Plan deseñado e implementado.
- ✓ Axentes implicados no deseño do Plan.
- ✓ Tempo de desenvolvemento do Plan.
- ✓ Estudos previos realizados.
- ✓ N° de accións e tipoloxía das mesmas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 2: Sensibilizar e apoiar a incorporación da perspectiva de xénero no tecido social, económico e cultural do contorno.*

2.1. Elaboración e distribución de ferramentas para avaliar con perspectiva de xénero a organización e funcionamento das entidades asociativas en canto a participación cuantitativa e cualitativa das mulleres nas mesmas.

**Poboación destinataria:** tecido asociativo do concello.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ Ferramenta elaborada e testada.
- ✓ N° de cuestionarios distribuídos por entidades e tipoloxía das mesmas.
- ✓ N° de cuestionarios remitidos e analizados.
- ✓ Cantidade, pertinencia e calidade da información obtida mediante a ferramenta.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

2.2 Fomento entre o tecido asociativo do estudio e adopción de medidas de xestión do tempo.

**Poboación destinataria:** Asociacións do concello.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° e tipoloxía das asociacións contactadas.
- ✓ N° e tipoloxía das asociacións participantes.
- ✓ N° de participantes, desagregado por sexo, cargo e entidade á que representa.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ N° e tipoloxía de iniciativas respaldadas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 3: Xerar procesos de empoderamento adaptados ás diferentes necesidades do colectivo de mulleres do concello de Vilagarcía.*

3.1. Deseño e desenvolvemento de programas de formación que respondan as necesidades e diversidade do colectivo de mulleres do concello, en base a súa capacitación para acadar tanto a autonomía persoal como a participación social.

**Poboación destinataria:** mulleres vilagarcías.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de accións formativas realizadas segundo temática e contidos.
- ✓ N° de mulleres participantes.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes coas actividades.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.

- ✓ N° e tipoloxía de asociacións, movementos ou outras iniciativas xeradas a partir da formación.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.2 Xornadas de intercambio de experiencias e necesidades entre asociacións, protagonizadas por mulleres, que promovan a participación activa e o apoio entre estas.

**Poboación destinataria:** asociacións protagonizadas por mulleres (empresariais, profesionais, culturais, xuvenís, mulleres rurais...).

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ Edición de xornadas e duración das mesmas.
- ✓ N° e tipoloxía das asociacións contactadas.
- ✓ N° e tipoloxía das asociacións participantes.
- ✓ N° de participantes, desagregado por sexo, cargo e entidade á que representa.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes coas actividades.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ N° de asociacións, movementos ou outras iniciativas xeradas a partir da formación.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados

3.3. Deseño e implementación dun Plan de Dinamización do Consello da Muller e do tecido asociativo.

**Poboación destinataria:** Asociacións do concello.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ Plan deseñado e implementado.
- ✓ Tempo de desenvolvemento do Plan.
- ✓ Nº de accións e tipoloxía das mesmas.
- ✓ Nº e tipo das asociacións participantes no Plan.
- ✓ Satisfacción e melloras detectadas polas entidades participantes.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 4: Implicar aos cidadáns homes na igualdade de oportunidades, promovendo novas masculinidades así como o seu apoio ao movemento feminista.*

4.1 Deseño e desenvolvemento de programas formativos que promovan contidos relacionados coa identidade de xénero e os seus efectos na vida das persoas, promovendo novas formas de comportamento, así como a necesaria implicación dos homes no movemento feminista.

Poboación destinataria: homes vilagarcíans.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ Nº de accións formativas realizadas segundo temática e contidos.
- ✓ Nº de participantes.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Grao de satisfacción dos participantes coas actividades.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Nº e tipoloxía de asociacións, movementos ou outras iniciativas xeradas a partir da formación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.



## ÁREA II: FORMACIÓN E EMPREGO

### XUSTIFICACIÓN

O desenvolvemento económico e social necesita indiscutiblemente da integración de mulleres e homes no mercado laboral. A pesares da incorporación da muller ao mercado de traballo, a realidade, tanto cualitativa como cuantitativamente, pon de manifesto que mulleres e homes non gozan das mesmas oportunidades no acceso, promoción, estabilidade e condicións xerais no emprego.

Así mesmo, os datos que mostran esta realidade precisan ser analizados desde a perspectiva de xénero; isto significa ir máis aló da desagregación por sexos, xa que esta transmítenos dificultades referidas pero non nos permite coñecer as causas e consecuencias deste desequilibrio estatístico.

A discriminación de xénero no mercado laboral actual tradúcese na persistenza de múltiples situacións de desvantaxe e discriminación: a segregación horizontal e a segregación vertical como factores de análise da realidade da actividade profesional das mulleres, poñen de manifesto no primeiro caso que as mulleres que acceden ao mercado laboral ocúpense sobre todo en sectores feminizados, como por exemplo ocupacións do sector servizos, tarefas administrativas ou prestación de coidados persoais que se caracterizan principalmente por teren condicións de emprego pouco satisfactorias e baixos salarios. No segundo caso, a segregación vertical pon de manifesto que as mulleres concéntranse nas categorías profesionais inferiores, sendo tamén escasa a súa presenza nos postos de maior responsabilidade. O acceso das mulleres a determinados sectores de actividade e ocupacións condicionará as retribucións salariais e a calidade de emprego.

Estamos pois ante dúas situacións que amosan a existencia de barreiras que orixinan discriminacións, podendo ser estas directas ou indirectas. Existe unha discriminación directa cando intencionadamente se exclúe a unha persoa da posibilidade de acceder a un determinado posto, ou é tratada de maneira menos favorable por pertencer a un colectivo determinado. No caso da discriminación indirecta a práctica é aparentemente neutra, a intencionalidade

de excluír queda disfrazada polos valores ou prexuízos de xénero. Esta barreiras invisibles defínense co termo de *teito de vidro*, e van desde a autodiscriminación das propias mulleres ao desconfiar das súas propias posibilidades e da súa valía profesional, ata a discriminación por parte doutras persoas que aluden a ideas estereotipadas sobre o comportamento das mulleres no contorno laboral.

Impulsar a igualdade de oportunidades no mercado laboral significa, polo tanto, ter en conta a discriminación horizontal e vertical, entendidas estas como un cúmulo de factores, circunstancias e condicións que só poden ser superadas implicando a todos os axentes que interveñen no mercado laboral: empregadores/as, directivos/as, representantes sindicais, asalariados/as e axentes de promoción do emprego (orientadoras/es e outros técnicos/as).

### **OBXECTIVO XERAL**

Fomentar a participación das mulleres no mercado laboral en condicións de igualdade.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1.** Realizar actividades sensibilizadoras, dirixidas a empregadores e empregadoras, co obxecto de potenciar a contratación de mulleres e a adopción de medidas de conciliación.
- 2.** Fomentar a incorporación das mulleres ao mercado laboral en igualdade de oportunidades a través de accións formativas.
- 3.** Desenvolver accións de información e concienciación para a eliminación das distintas formas de discriminación no traballo.
- 4.** Ofrecer asesoramento ás mulleres emprendedoras estimulando a creación de empresas e a integración laboral das mulleres.

### **ACTUACIÓNS**

*Obxectivo 1: Realizar actividades sensibilizadoras, dirixidas a empregadores e empregadoras, co obxecto de potenciar a*

*contratación de mulleres e a adopción de medidas de conciliación.*

- 1.1 Creación e concesión anual do distintivo de calidade “Empresa Vilagarcía Igualitaria”, para aquelas empresas máis destacadas na promoción da igualdade de oportunidades.

Poboación destinataria: empresas vilagarcías.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación

Indicadores:

- ✓ Distintivo deseñado.
- ✓ Tipo, medios e soportes de divulgación da campaña.
- ✓ N<sup>o</sup>, tipo e sector das empresas contactadas.
- ✓ Ferramentas de avaliación creadas para a concesión do distintivo.
- ✓ N<sup>o</sup>, tipo e sector das empresas ás que se lles conceda o distintivo.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

- 1.2 Difusión das boas prácticas empresariais no eido da igualdade de oportunidades a través dos medios de comunicación.

Poboación destinataria: empresas, empregadoras e empregadores, persoas emprendedoras, medios de comunicación e poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller

Indicadores:

- ✓ N<sup>o</sup> de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura das campañas.
- ✓ Recursos económicos dedicados

1.3 Elaboración e difusión dunha guía de axudas á promoción da igualdade nas empresas.

Poboación destinataria: empresas vilagarcías.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller

Indicadores:

- ✓ Guía elaborada.
- ✓ N° de unidades publicadas e distribuídas.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.4 Fomento do compromiso empresarial para a contratación de mulleres en especial situación de vulnerabilidade.

Poboación destinataria: tecido empresarial e mulleres en risco de exclusión social.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamento Técnico de Servizos Sociais; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ N° , tipo e sector das empresas contactadas.
- ✓ N°, tipo e sector das empresas comprometidas.
- ✓ N° de postos de traballo ofertados a mulleres en risco de exclusión social.
- ✓ N° de mulleres contratadas
- ✓ Tipo e duración dos contratos realizados.

1.5. Realización de accións formativas sobre a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e a adopción de medidas de conciliación na negociación colectiva.

Poboación destinataria: organizacións sindicais, tecido empresarial.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de actividades formativas realizadas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo, cargo e entidade a que pertence.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.6. Realización de accións formativas sobre as obrigas e recomendacións derivadas da lexislación vixente, especialmente no relativo á elaboración de Plans de Igualdade e a adopción de medidas que faciliten a conciliación.

Poboación destinataria: organizacións sindicais, tecido empresarial e poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de actividades formativas realizadas.

- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo, cargo e entidade a que pertence.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 2: Fomentar a incorporación das mulleres ao mercado laboral en igualdade de oportunidades a través de accións formativas.*

2.1. Continuación da impartición de plans de formación profesional e ocupacional adaptados ás necesidades do mercado laboral vilagarcían.

Poboación destinataria: mulleres inactivas, desempregadas e en mellora de emprego.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Educación; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de plans formativos realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de mulleres formadas.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes.

- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ N° de mulleres incorporadas ao mercado laboral.
- ✓ Sector e posto no que se incorporan.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.2. Continuar coa inclusión de módulos de igualdade de oportunidades en todas as actividades formativas organizadas polo Concello.

**Poboación destinataria:** persoas que realicen actividades formativas organizadas polo Concello.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Educación; Área de Promoción Económica e Innovación

**Indicadores:**

- ✓ N° de módulos de igualdade realizados.
- ✓ N° total de horas de formación en igualdade.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ Contidos formativos.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.3. Fomento da presenza de mulleres en cursos de formación ocupacional para acceder a postos de traballo tradicionalmente masculinos.

**Poboación destinataria:** mulleres

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Educación; Área de Promoción Económica e Innovación.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ N° de mulleres que realicen cursos de formación ocupacional en ramas masculinizadas.
- ✓ Sector no que se forman.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

2.4. Creación e aprobación dunha norma reguladora que estableza porcentaxes de reserva para a participación de mulleres en todos os programas municipais de formación e emprego.

**Poboación destinataria:** mulleres

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Educación; Área de Promoción Económica e Innovación.

**Indicadores:**

- ✓ Norma reguladora.
- ✓ Consenso político na aprobación da norma.
- ✓ N° prazas reservadas.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

2.5 Deseño e impartición de obradoiros de orientación laboral e técnicas de busca de emprego adaptados ás necesidades concretas do mercado laboral e das usuarias.

**Poboación destinataria:** mulleres inactivas, desempregadas e en mellora de emprego.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.



## Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ Contidos abordados.
- ✓ N° de mulleres participantes.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

### 2.6. Difusión das medidas de acción positiva levadas a cabo neste eido polos servizos municipais.

**Poboación destinataria:** medios de comunicación, poboación en xeral

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida,  
Departamento Técnico de Muller

## Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura da campaña.
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 3: Desenvolver accións de información e concienciación para a eliminación das distintas formas de discriminación no traballo.*

### 3.1. Realización de campañas informativas sobre a persistencia de discriminacións de xénero no traballo: emprego mergullado, segregación horizontal e vertical, teito de vidro, desigualdades salariais...

**Poboación destinataria:** mulleres, empresariado, medios de comunicación, poboación en xeral.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

### 3.2. Programa de sensibilización e orientación da mocidade cara a actitudes que favorezan a diversificación académica e profesional.

**Poboación destinataria:** mozas e mozos.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Educación.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° de centros de ensino implicados.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

### 3.3. Difusión das accións informativas e sensibilizadoras levadas a cabo polos servizos municipais.

**Poboación destinataria:** medios de comunicación, poboación en xeral.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 4: Promover a iniciativa emprendedora feminina estimulando a creación de empresas e a inserción laboral das mulleres.*

4.1. Campaña divulgativa para a promoción entre as mulleres nos servizos municipais de emprego.

Poboación destinataria: mulleres con iniciativa empresarial.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, cobertura e impacto.
- ✓ N° de mulleres que soliciten asesoramento.
- ✓ N° de iniciativas levadas á práctica.
- ✓ Sector no que se enmarquen as iniciativas.
- ✓ N° de postos de traballo creados, por sexo, cargo e categoría.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

4.2. Deseño e impartición de cursos de xestión e liderazgo empresarial para mulleres emprendedoras.

Poboación destinataria: mulleres con iniciativa empresarial.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de cursos realizados.
- ✓ N° total de horas de formación.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ Contidos formativos.
- ✓ N° de mulleres formadas.
- ✓ Características sociodemográficas.

- ✓ Taxa de participación das asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

#### 4.3. Elaboración e difusión dunha guía de axudas e subvencións a mulleres emprendedoras.

Poboación destinataria: emprendedoras e mulleres en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ Guía elaborada.
- ✓ N° de unidades publicadas e distribuídas.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

#### 4.4. Difusión das iniciativas emprendedoras consideradas boas prácticas a través dos medios de comunicación.

Poboación destinataria: medios de comunicación, poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

#### 4.5. Difusión das accións levadas a cabo polos servizos municipais na promoción da iniciativa emprendedora feminina.

Poboación destinataria: medios de comunicación, poboación en xeral

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## ÁREA III: CALIDADE DE VIDA

### XUSTIFICACIÓN

A abordaxe da área de calidade de vida entendida de xeito integral supón o achegamento a cuestións de saúde física e psíquica e de integración social pois é a suma destes tres factores que interactúan e se complementan entre si a que define o estado de benestar persoal.

Dunha banda, atendendo aos factores naturais, coñécese que fisioloxicamente as mulleres teñen unha maior resistencia as enfermidades cóos homes e por tanto a esperanza de vida destas adoita ser superior á deles. Nembargante, feitos como o deficiente coñecemento de doenzas propiamente femininas ou a tendencia das mulleres á adopción de hábitos sociais de consumo tradicionalmente masculinos e prexudiciais para a saúde humana, están a minar esta vertente da súa calidade de vida ao tempo que tende a nivelar a media de anos que viven mulleres e homes. Ante a constatación desta realidade debemos adoitar medidas e emprender accións que vixien esta vertente da saúde.

Por outro lado, un cúmulo de circunstancias psicolóxico- sociais, sobre as que tamén é posible e necesaria a intervención da administración local, completan a arañeira na que as mulleres se ven atrapadas no seu camiño cara a consecución do propio benestar.

Así, o contorno, as posibilidades de lecer (tempo e espazos), o mantemento da “dobre xornada” froito da suma do traballo domestico e do traballo remunerado, a sobrecarga de responsabilidades derivada do proliferante modelo de familia monomarental, a integración das inmigrantes na sociedade de acollida, o illamento social, o estres e outras *doenzas* lamentablemente típicas das sociedades modernas supoñen un pesado lastre que desequilibra a cantidade de anos que viven as mulleres e a calidade de vida coa que os viven.

No II PIOM é preciso pois continuar na liña emprendida no I PIOM e seguir a remover os obstáculos e a eliminar ou alixeirar todos os lastres que

impiden ou dificultan o avance no grado de benestar das vilagarcías, e a súa vez, de xeito indirecto pero indubidable, no do conxunto da sociedade.

### **OBXETIVO XERAL**

Continuar co desenvolvemento de iniciativas que contribúa na mellora da calidade de vida da poboación.

### **OBXETIVOS ESPECIFICOS**

1. Favorecer a prevención e tratamento das enfermidades prevalentes dun e outro sexo así como as doenzas con carga de xénero.
2. Propiciar a vida san, a adquisición de hábitos saudables e a práctica deportiva entre as mulleres.
3. Visibilizar a sobrecarga de traballo que soportan as mulleres derivada da “dobre xornada” así como as súas consecuencias, e fomentar a corresponsabilidade.
4. Fomentar a interculturalidade e a integración dos colectivos inmigrantes.
5. Impulsar a participación activa das mulleres na vida socio-cultural vilagarcía.
6. Previr e atallar situacións de exclusión social entre a poboación feminina, dotando as mulleres das ferramentas básicas para o enfrontamento e superación das mesmas.

### **ACTUACIÓNS**

*Obxectivo 1: Favorecer a prevención e tratamento das enfermidades prevalentes dun e outro sexo así como as doenzas con carga de xénero.*

- 1.1. Organización de campañas de prevención e detección precoz de enfermidades prevalentes en mulleres.

Poboación destinataria: mulleres

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados

1.2. Organización de xornadas teórico- prácticas sobre a prevención de riscos laborais no ámbito doméstico e de saúde reprodutiva.

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° de xornadas realizadas.
- ✓ N° total de horas de formación.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ Contidos das xornadas.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexos.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.3. Deseño e realización de obradoiros de educación sexual con perspectiva de xénero.

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.



**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ Duración dos obradoiros.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ Contidos dos obradoiros.
- ✓ N° de persoas participantes, desagregado por sexos.
- ✓ Características sociodemográficas dos e das participantes.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 2: Propiciar a vida san e a adquisición de hábitos saudables e a práctica deportiva entre as mulleres.*

2.1. Fomento da práctica do deporte e da actividade física creando espazos e momentos axeitados ás mulleres para a realización do mesmo.

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller, Departamento técnico de Deportes e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° de opcións ofertadas.
- ✓ N° de grupos creados.
- ✓ Diversificación nos horarios ofertados.

- ✓ Diversificación dos espazos ofertados.
- ✓ N° de persoas participantes, desagregado por sexos.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.2. Fomento entre as mulleres da práctica de deportes masculinizados e/ou minoritarios.

**Poboación destinataria:** mulleres e entidades deportivas.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller, Departamento técnico de Deportes e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipo de medidas de fomento e apoio implantadas.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° e tipo de iniciativas apoiadas.
- ✓ N°, tipo e categorías de equipos creados.
- ✓ N° de mulleres participantes.
- ✓ Grao de satisfacción das mulleres e entidades participantes.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.3 Realización de novas campañas informativas, con perspectiva de xénero, sobre os efectos de adiccións e hábitos non saudables (tabaquismo, alcoholismo, sedentarismo, automedicación, alimentación inadecuada...)

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller e Departamento Técnico de Saúde Pública.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Contidos das campañas.
- ✓ Materiais deseñados e distribuídos.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 3: Visibilizar a sobrecarga de traballo que soportan as mulleres derivada da “dobre xornada” así como as súas consecuencias, e fomentar a corresponsabilidade.*

**3.1. Deseño dunha campaña de sensibilización sobre corresponsabilidade.**

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller, Educación e Saúde Pública; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamentos Técnicos de Xuventude, Terceira Idade e Servizos Sociais; Área de Promoción Económica e Innovación.

**Indicadores:**

- ✓ Axentes implicados na elaboración da campaña.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Materiais deseñados e distribuídos

**3.2. Apoio de iniciativas que promovan e incidan na modificación dos roles tradicionais de xénero.**

**Poboación destinataria:** asociacións, tecido empresarial, comunidade educativa.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller e Educación; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamentos Técnicos de Xuventude e Terceira Idade; Área de Promoción Económica e Innovación.

**Indicadores:**

- ✓ N° e calidade das propostas recibidas.
- ✓ Diversidade das entidades promotoras.
- ✓ N° proxectos apoiados.
- ✓ Alcance dos proxectos apoiados.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

***Obxectivo 4: Fomentar a interculturalidade e a integración dos colectivos inmigrantes*****4.1. Organización de encontros entre persoas de culturas diferentes incidindo no enriquecemento que supón a interculturalidade.**

**Poboación destinataria:** poboación en xeral.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller; Área de Cultura de Vivenda; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamentos Técnicos de Inmigración.

**Indicadores:**

- ✓ N° de encontros organizados.
- ✓ N° de persoas participantes, desagregado por sexo e nacionalidade.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**4.2. Deseño e realización de programas para o coñecemento do galego e do castelán así como de habilidades sociais para mulleres inmigrantes co fin de facilitarlles a integración na sociedade de acollida.**

**Poboación destinataria:** mulleres inmigrantes

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller e Educación; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamento Técnico de Inmigración.

**Indicadores:**

- ✓ N° de programas segundo tipo.
- ✓ Duración dos programas.
- ✓ N° de mulleres formadas.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Grado alfabetización acadado e destrezas adquiridas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

#### 4.3. Desenvolvemento de programas de alfabetización dixital para mulleres inmigrantes dotándoas de coñecementos teórico-prácticos básicos .

**Poboación destinataria:** mulleres inmigrantes.

**Departamentos implicados:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller e Educación; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamento Técnico de Inmigración.

**Indicadores:**

- ✓ N° de programas.
- ✓ Duración dos programas.
- ✓ N° de mulleres formadas.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.

- ✓ Grado alfabetización acadado e destrezas adquiridas
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 5: Impulsar a participación activa das mulleres na vida socio-cultural vilagarcía.*

5.1. Implicación do tecido asociativo no deseño dunha oferta cultural atractiva para o colectivo feminino, tentando que as propias mulleres sexan protagonistas e non só meras espectadoras da mesma.

Poboación destinataria: asociacións.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller; Área de Cultura e Vivenda.

Indicadores:

- ✓ N° de asociacións implicadas.
- ✓ Cantidade e diversidade das ofertas culturais xeneradas.
- ✓ Participación de mulleres na oferta cultural.

5.2. Oferta de obradoiros de expresión artística para mulleres.

Poboación destinataria: mulleres.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller; Área de Cultura e Vivenda.

Indicadores:

- ✓ N°, diversidade, nivel e duración dos obradoiros ofertados.
- ✓ N° de mulleres participantes.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Calidade dos traballos realizados.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

- 5.3. Deseño e posta en marcha de protocolos que garantan que as manifestacións culturais non sexan discriminatorias.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller; Área de Cultura e Vivenda.

Indicadores:

- ✓ Protocolos deseñados.
- ✓ Acollida e cumprimento dos protocolos activados.
- ✓ Mantemento dos protocolos.

*Obxectivo 6: Previr e atallar situacións de exclusión social entre a poboación feminina dotando as mulleres das ferramentas básicas para o enfrontamento e superación das mesmas.*

- 6.1. Deseño de programas específicos de inclusión para os distintos colectivos de mulleres en risco de exclusión social.

Poboación destinataria: mulleres en risco de exclusión social.

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamento Técnico de Servizos Sociais.

Indicadores:

- ✓ N° e diversidade de programas deseñados.
- ✓ N° de mulleres participantes.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ N° mulleres reinsertadas
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

### XUSTIFICACIÓN

Desde a infancia, rapaces e rapazas van aprendendo diferentes roles a través do proceso de socialización que se inicia na familia, despois continúa na escola e nos grupos de iguais; deste xeito, constrúese a atribución de xénero sobre as persoas. Ao longo do proceso de socialización vanse adquirindo unha serie de comportamentos e de coñecementos segundo sexas dun sexo ou doutro, xerándose así unha sociedade desigual.

Por isto, a educación en igualdade para toda a poboación constitúe un pilar fundamental en todo o proceso de socialización e de desenvolvemento integral das persoas, sendo un recurso idóneo para o fomento da igualdade de xénero.

Tradicionalmente a escola convertíase nun mecanismo de asignación de roles e de estereotipos centrados nas relacións de desigualdade social entre as mulleres e os homes. Actualmente, e a pesar dos continuos avances experimentados no sistema educativo, aínda seguen a producirse situacións deste tipo.

Así pois, continuando coa liña trazada non I PIOM, o cometido principal de intervención nesta área vai ser traballar para modificar comportamentos, actitudes, normas e valores sociais que determinan uns roles estereotipados a través de accións que abranguerán a igualdade entre mulleres e homes.

Esta perspectiva de igualdade debe transcender a educación formal e non formal implicando neste proceso de cambio ó profesorado, ó alumnado, ás asociacións de nais e de pais de alumnos/as e á sociedade en xeral; todo isto coa finalidade de promover actitudes e comportamentos igualitarios en tódolos ámbitos da sociedade e dunha forma especial no educativo, con fin de acadar unha sociedade xusta e igualitaria.



## OBXECTIVO XERAL

Apoiar e impulsar a sociedade en xeral, e a comunidade educativa en particular, no fomento de cambio nos roles e estereotipos sexistas, diminuindo as desigualdades de xénero e introducindo os valores asignados á cultura feminina.

## OBXECTIVOS ESPECIFICOS

1. Potenciar a coeducación e a educación en igualdade a través de accións formativas, de difusión e de sensibilización.
2. Implementar accións de educación en igualdade para toda a poboación vilagarcía
3. Fomentar que a planificación dos procesos de formación de adultos e adultas se realice con perspectiva de xénero.
4. Dar a coñecer á poboación Vilagarcía as boas prácticas desenvolvidas en educación en igualdade.

## ACTUACIÓNS

*Obxectivo1: Potenciar a coeducación e a educación en igualdade a través de accións formativas, de difusión e de sensibilización.*

- 1.1. Deseño e programación de accións formativas de coeducación para todos os niveis e centros educativos.

**Poboación destinataria:** alumnado, profesorado e persoal non docente dos centros de ensino, pais e nais do alumnado.<sup>3</sup>

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

---

<sup>3</sup> En adiante comunidade educativa.

**Indicadores:**

- ✓ N° de actividades formativas realizadas.
- ✓ Tipoloxía das accións formativas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horario das accións.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**1.2. Apoio ao Consello Escolar Municipal na creación e posta en marcha da Escola Municipal de nais e pais.**

**Poboación destinataria:** poboación en xeral

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de axentes sociais implicados.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Adecuación dos espazos e horario das convocatorias.
- ✓ Norma reguladora da Escola Municipal.
- ✓ N° e tipoloxía de accións programadas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**1.3. Apoio ao profesorado dos distintos niveis educativos sobre materiais coeducativos a empregar nas clases.**

**Poboación destinataria:** profesorado dos centros educativos.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes empregados.
- ✓ N° e características sociodemográficas das e dos participantes.
- ✓ Melloras introducidas nos procesos educativos.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.4. Deseño e impartición de obradoiros de comunicación e convivencia para a prevención e detección precoz da violencia de xénero, especialmente en casos de acoso escolar ou bullying.

**Poboación destinataria:** comunidade educativa.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

### 1.5. Deseño e implementación obradoiros de linguaxe non sexista.

Poboación destinataria: Comunidade educativa.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

### 1.6. Organización de obradoiros sobre corresponsabilidade.

Poboación destinataria: alumnado

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller

Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.

- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.7. Organización de obradoiros sobre o sexismo nos medios de comunicación.

Poboación destinataria: comunidade educativa

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.8. Incorporación da perspectiva de xénero aos obradoiros de educación afectiva e sexual.

Poboación destinataria: alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos, Programas de Garantía Social e Ensinanzas de Réxime Especial.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**1.9. Convocatoria dun concurso de traballos de investigación con perspectiva de xénero en todas as áreas educativas.**

**Poboación destinataria:** profesorado e alumnado de todos os niveis

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Norma reguladora da convocatoria.
- ✓ N° e tipoloxía de departamentos educativos implicados.
- ✓ N° e calidade dos traballos presentados.
- ✓ Composición do xurado, segundo sexo e cargo.
- ✓ N° e características dos premios.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

**1.10. Deseño e implementación de obradoiros sobre xogos e xoguetes non sexistas.**

**Poboación destinataria:** comunidade educativa.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

#### 1.11. Asesoramento e formación para a introdución da perspectiva de xénero no proxecto educativo de centro (PEC) .

**Poboación destinataria:** comunidade educativa.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipoloxía das actuacións realizadas.
- ✓ N° total de horas de formación/asesoramento realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente e de asesoramento.
- ✓ N° de persoas formadas/asesoradas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.

- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actuacións.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.12. Fomento da introducción nas publicacións escolares de elaboración propia dun espazo sobre a igualdade e a non violencia.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° de centros educativos implicados.
- ✓ N° e tipoloxía dos artigos publicados.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.13. Fomento da creación nas bibliotecas escolares dun espazo sobre igualdade e non violencia.

Poboación destinataria: alumnado e profesorado.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° de centros educativos implicados.
- ✓ Adecuación, cantidade e calidade dos materiais incluídos.

1.14. Darlle continuidade e consolidación a iniciativa do Premio pola Igualdade na escola

Poboación destinataria: alumnado e profesorado.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.



**Indicadores:**

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Norma reguladora da convocatoria.
- ✓ N° e tipoloxía de departamentos educativos implicados.
- ✓ N° de centros educativos implicados.
- ✓ N° e calidade dos traballos presentados.
- ✓ Composición do xurado, segundo sexo e cargo.
- ✓ N° e características dos premios.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 2: Implementar accións de educación en igualdade para toda a poboación vilagarcía*

2.1. Realización de sesións formativas sobre a igualdade de oportunidades: os xogos e xoguetes, corresponsabilidade, violencia de xénero, discriminación laboral...; atendendo as súas consecuencias reais.

Poboación destinataria: poboación en xeral

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipoloxía das actuacións realizadas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actuacións.

- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.2. Organización de talleres de formación de sexismo na linguaxe e na publicidade en canto aos roles profesionais e familiares.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° e tipoloxía das actuacións realizadas.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios das actuacións.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## 2.3. Organización e realización de obradoiros mixtos de adquisición de habilidades que promovan a modificación da asignación tradicional de roles.

Poboación destinataria: poboación en xeral

Departamentos implicados: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamentos Técnicos de Muller e Educación; Área de Igualdade e Benestar Social, Departamentos Técnicos de Xuventude e Terceira Idade.

Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ Duración dos obradoiros.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.

- ✓ Contidos dos obradoiros.
- ✓ N° de persoas participantes, desagregado por sexos.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos lugares, espazos e horarios das actividades.
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 3: Fomentar que a planificación dos procesos de formación de adultos e adultas se realice con perspectiva de xénero.*

3.1. Deseño e impartición de módulos de actitudes facilitadoras da igualdade de xénero nas aulas municipais de persoas adultas no nivel de EBA (Educación Básica de persoas adultas).

**Poboación destinataria:** poboación en formación de adultos e adultas.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de módulos realizados.
- ✓ N° total de horas de formación impartidas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.2. Apoio ao profesorado das aulas municipais de persoas adultas no nivel de EBA sobre materiais coeducativos a empregar nas clases.

Poboación destinataria: profesorado das aulas municipais de persoas adultas.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Educación e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes empregados.
- ✓ N° e características sociodemográficas.
- ✓ Melloras introducidas nos procesos educativos.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.3. Promoción dun punto de referencia ao colectivo masculino en “novas masculinidades” así como en relación co sexo feminino, como soporte para a loita conxunta pola igualdade.

Poboación destinataria: homes e mulleres en proceso de alfabetización.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° e tipoloxía das accións desenvolvidas.
- ✓ N° e tipoloxías de asociacións participantes.
- ✓ Características sociodemográficas dos e das participantes.
- ✓ Grao de implicación.
- ✓ Taxa de participación.
- ✓ Adecuación de espazos e horarios.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 3: Dar a coñecer á poboación Vilagarcía as boas prácticas desenvolvidas en educación en igualdade.*

3.1. Difusión a través dos medios de comunicación de todas as accións e boas practicas postas en marcha no ámbito educativo.

Poboación destinataria: poboación en xeral, medios de comunicación

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida,  
Departamento Técnico de Muller

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° de medios de comunicación implicados.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.2. Difusión a través da páxina web do concello de todas as boas prácticas postas en marcha no ámbito educativo.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida,  
Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de boas prácticas introducidas na páxina web.
- ✓ Correcta actualización das boas prácticas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.3. Organización dun foro anual de debate sobre as prácticas educativas levadas a cabo en igualdade de oportunidades.

Poboación destinataria: comunidade educativa e poboación xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida,  
Departamento Técnico de Muller, Area de Promoción Económica e  
Innovación, Departamento Técnico de Turismo.

Indicadores:

- ✓ N°, tipoloxía e duración dos foros organizados.

- ✓ N° de participantes, desagregado por sexo, cargo e entidade a que pertenzan.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados

## **ÁREA V: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

### **XUSTIFICACIÓN**

A violencia de xénero é, en todas as súas manifestacións, o acto de intolerancia machista máis brutal que se exerce contra as mulleres. É un atentado contra o respecto, a dignidade e a vida das mulleres. Por este motivo, a súa abordaxe e tratamento require de medidas e actuacións contundentes por parte da sociedade e das Administracións e Institucións Públicas; incidindo non só nas consecuencias inmediatas do problema actual, senón tamén, e isto é fundamental, na súa prevención para erradicar esta lacra no futuro.

Debido aos resultados positivos no tratamento da violencia de xénero, segundo a avaliación do I PIOM, cómpre manter e reforzar aquelas actividades que están sendo efectivas. Con todo, son precisas actuacións de prevención e sensibilización, encamiñadas a modificar condutas e actitudes sexistas na xente moza e na poboación en xeral; xa que son estas as que están na base das condutas violentas dos homes cara as mulleres, e fan que se continúen perpetuando situacións de dominación dun sexo, o masculino, sobre o outro, o feminino. Así, e debido á magnitude das consecuencias que na actualidade está tendo a violencia contra as mulleres, no II PIOM considérase unha liña de acción específica, cun tratamento e abordaxe integral.

Esta necesidade de traballar na prevención e tratamento da violencia de xénero de xeito integral, recóllese tamén no I Plan do Goberno Galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes 2007-2010. Isto implica actuar nunha dobre dirección: por unha banda, está a prevención, que vai máis aló de meras campañas de sensibilización e concienciación, pois ten que asentarse en piares sólidos na vida cotiá de todas as persoas e que deberá estar intimamente entroncada coas demais liñas de actuación do presente Plan. Pola outra, está a intervención integral.

Para que esto sexa factible, esta área estrutúrase á súa vez en catro subáreas, cada unha cun obxectivo xeral e varios específicos, e nas que se

establecen, ademais, as actuacións axeitadas para o cumprimento dos obxectivos plantexados. Estas subáreas son:

- ➔ **Prevención e sensibilización**
- ➔ **Intervención integral**
- ➔ **Protección xurídica e policial**
- ➔ **Coordinación interinstitucional**

## **PREVENCIÓN E SENSIBILIZACION.**

### **OBXECTIVO XERAL**

Previr a violencia de xénero en todas as súas modalidades e manifestacións, implicando a toda a comunidade.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1.** Informar, sensibilizar e concienciar sobre a magnitude do problema da violencia de xénero e as súas repercusións para toda a sociedade.
- 2.** Promover na poboación en xeral posturas e actitudes de rexeitamento e denuncia activa ante situacións de maltrato ás mulleres, acoso sexual, acoso moral por razón de sexo etc.
- 3.** Visibilizar e analizar as situacións de discriminación e desigualdade, así coma os mecanismos de opresión e dominio que historicamente se utilizan para perpetuar situacións de dependencia e submisión das mulleres respecto dos homes.
- 4.** Formar e informar aos profesionais dos medios de comunicación para un tratamento non sensacionalista da violencia de xénero.

### **ACTUACIÓNS.**

*Obxectivo 1: Informar, sensibilizar e concienciar sobre a magnitude do problema da violencia de xénero e as súas repercusións para toda a sociedade.*



- 1.1. Realización de campañas de información, sensibilización e concienciación sobre a magnitude do problema da violencia de xénero, a súa orixe nas relacións desiguais de xénero, tipoloxías, manifestacións e consecuencias para as mulleres, os homes e a sociedade en xeral.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

- 1.2. Campañas de difusión a través de materiais informativos acerca dos distintos tipos de maltrato e dos recursos legais existentes.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 2: Promover na poboación en xeral posturas e actitudes de rexeitamento e denuncia activa ante situacións de maltrato ás mulleres, acoso sexual, acoso moral por razón de sexo etc.*

- 2.1. Celebración da campaña do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.

- ✓ Frecuencia, impacto e cobertura.
- ✓ Recursos económicos dedicados

2.2. Celebración de actos solidarios coas vítimas cada vez que se produza un acto de violencia de graves consecuencias.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida e Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ Repercusión mediática.
- ✓ N° de persoas e/ou colectivos que se solidarizan.

*Obxectivo 3: Visibilizar e analizar situacións de discriminación e desigualdade, así coma os mecanismos de opresión e dominio que historicamente se utilizan para perpetuar as situacións de dependencia e sumisión das mulleres respecto dos homes.*

3.1. Realización de xornadas que analicen o fenómeno da violencia contra as mulleres, co fin de eliminar e/ ou modificar prexuízos e desmitificar falsos estereotipos.

Poboación destinataria: poboación en xeral.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N°, tipoloxía e duración das xornadas realizadas.
- ✓ N° de participantes, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.2. Organización de obradoiros de análise das estratexias de dominación na parella e de habilidades e relacións sociais positivas e igualitarias.

Poboación destinataria: mozos e mozas vilagarcíans.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° de obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

3.3. Organización de obradoiros e grupos de discusión entre homes e mulleres sobre o fomento de valores igualitarios, de respecto e novos modelos de masculinidade.

Poboación destinataria: poboación adulta.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

Indicadores:

- ✓ N° e tipoloxía dos obradoiros realizados.
- ✓ N° total de horas de formación realizadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.

- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Adecuación dos espazos e horarios dos obradoiros.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 4: Formar aos medios de comunicación para un tratamento non sensacionalista da violencia de xénero.*

#### 4.1. Reunións de traballo con profesionais dos medios de comunicación para mellorar o tratamento das noticias relacionadas coa violencia de xénero.

**Poboación destinataria:** profesionais e directivos/as dos medios de comunicación da comarca de O Salnés.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller.

**Indicadores:**

- ✓ N° de reunións de traballo realizadas.
- ✓ N° e tipoloxía dos medios de comunicación implicados.
- ✓ N° total de horas adicadas.
- ✓ Cualificación profesional do persoal docente.
- ✓ N° de persoas formadas, desagregado por sexo, cargo e entidade a que pertence.
- ✓ Características sociodemográficas.
- ✓ Taxa de participación das e dos asistentes.
- ✓ Grao de satisfacción das e dos participantes.
- ✓ Modificacións no tratamento das noticias adoptados.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

## **INTERVENCIÓN INTEGRAL.**

### **OBXECTIVO XERAL**

Abordar a violencia de xénero e as súas diferentes causas, tipos, manifestacións e consecuencias.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

1. Realizar intervencións de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, para a recuperación da súa identidade, autonomía e proxecto de vida.
2. Traballar coas fillas e fillos das mulleres vítimas de maltrato, e co resto da familia, se é preciso, para axudarlles a comprender e analizar a situación.
3. Mellorar a calidade dos servizos municipais de atención a mulleres, e en especial das vítimas de maltrato.

### **ACTUACIÓNS**

*Obxectivo 1: Realizar intervencións de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, para a recuperación da súa identidade, autonomía e proxecto de vida.*

- 1.1. Revisión periódica sobre o cumprimento da lexislación en materia de contratación de mulleres vítimas de violencia, mediante programas de cooperación.

Poboación destinataria: vítimas de violencia de xénero.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de reunión mantidas entre departamentos.

- ✓ N° de contratos realizados a mulleres vítimas de violencia de xénero.

1.2. Reserva de vivenda pública municipal en réxime de aluguer para mulleres vítimas de violencia de xénero que a precisen.

Poboación destinataria: vítimas de violencia de xénero.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller;

Indicadores:

- ✓ N° e porcentaxe sobre o total de vivendas reservadas.
- ✓ N° de mulleres que demandan este recurso.
- ✓ N° de persoas que fan uso das vivendas reservadas.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.3. Organización de campañas informativas e divulgativas no eido empresarial das medidas legais existentes para a contratación de vítimas de violencia de xénero.

Poboación destinataria: vítimas de violencia de xénero e tecido empresarial.

Departamentos responsables: Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Promoción Económica e Innovación.

Indicadores:

- ✓ N° de campañas, tipo, medios e soportes de divulgación.
- ✓ N° , tamaño e sector de empresas contactadas.
- ✓ N° de contratos realizados a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

1.4. Elaboración e seguimento de proxectos persoais de recuperación da propia identidade, autonomía e de mellora da situación persoal, especialmente das mulleres máis vulnerables, (discapacitadas, inmigrantes, menores de idade, terceira idade...)

Poboación destinataria: vítimas de violencia de xénero

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Benestar e Igualdade, Departamento Técnico de Servizos Sociais; Área de Promoción Económica e Innovación.

**Indicadores:**

- ✓ N° de vítimas que solicitan asesoramento e ou acompañamento
- ✓ N° de proxectos persoais elaborados.
- ✓ N° de mulleres que acadan os obxectivos marcados.
- ✓ Recursos económicos dedicados.

*Obxectivo 2: Traballar coas fillas e fillos das mulleres vítimas de maltrato, e co resto da familia, se é preciso, para que axudarlles a comprender e analizar a situación.*

2.1. Ampliación dos servizos de información e axuda a disposición das mulleres, e de Mediación Familiar para o resto dos membros da familia, especialmente para fillas e fillos.

**Poboación destinataria:** todos os membros da familia das vítimas de violencia de xénero.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Benestar e Igualdade, Departamento Técnico de Servizos Sociais.

**Indicadores:**

- ✓ N° e tipoloxía dos servizos ampliados.
- ✓ Tipoloxía das demandas.
- ✓ Beneficiarios/as destes servizos.
- ✓ Recursos económicos dedicados

*Obxectivo 3: Mellorar a calidade dos servizos municipais de atención a mulleres, e en especial das vítimas de maltrato.*

3.1. Continuación e mellora da prestación de servizos especializados para mulleres vítimas da violencia de xénero e mulleres con problemática socio-familiar, así coma do Servizo de Mediación Familiar.

**Poboación destinataria:** vítimas de violencia de xénero.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Benestar e Igualdade, Departamento Técnico de Servizos Sociais.

**Indicadores:**

- ✓ N° de mulleres usuarias dos servizos.
- ✓ Cantidade e calidade dos servizos prestados.
- ✓ Incremento nos recursos económicos dedicados.

3.2. Continuación do Programa de Teleasistencia Móbil organizado pola FEMP e xestionado pola Cruz Vermella, así coma coa entrega de teléfonos móbiles en préstamo a mulleres que non poidan acceder a outros programa por non ter orde de protección.

**Poboación destinataria:** vítimas de violencia de xénero.

**Departamentos responsables:** Área de Promoción da Calidade de Vida, Departamento Técnico de Muller; Área de Benestar e Igualdade, Departamento Técnico de Servizos Sociais.

**Indicadores:**

- ✓ N° de mulleres que accedan a este recurso.
- ✓ Incremento nos recursos económicos dedicados

## **PROTECCIÓN XURÍDICA E POLICIAL.**

### **OBXECTIVO XERAL**

Potenciar actuacións para unha mellor protección das vítimas, as fillas e fillos e persoas dependentes.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

1. Mellorar os sistemas de apoio e protección das vítimas de violencia de xénero.



2. Mellorar a coordinación e comunicación do Departamento Técnico de Muller cos servizos xurídicos e policiais.

## ACTUACIÓNS

*Obxectivo 1: Mellorar os sistemas de apoio e protección das vítimas de violencia de xénero.*

- 1.1. Realización de accións formativas sobre “Intervención policial en situacións de violencia de xénero”.

**Poboación destinataria:** membros dos Corpos e Forzas de Seguridade: Policía local, Policía Nacional e Garda Civil.

